



BOP

MARTES, 9 DE XANEIRO DE 2024

N.º 007

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por acordo do Pleno do Concello de Folgoso do Courel celebrado de data 29/12/2023 aprobouse inicialmente o expediente de modificación do Instrumento de análise, descrición, clasificación, ordenación e valoración dos postos de traballo do Concello; o que se publica aos efectos de apertura o trámite de información pública que esixe o artigo 202 do Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, por prazo de 20 días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se presentaran reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a modificación deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Folgoso do Courel, 3 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0024

O INCIO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2023, acordou a aprobación provisional da nova Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras do Concello do Incio.

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

O Incio, 3 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Héctor M. Corujo González.

R. 0025

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 03.01.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de decembro de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 393,04 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 133,37 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 3 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0026

COMUNIDADE DE AUGAS - LAMA DE FERRÓN*Anuncio*

Comunícase a todos os usuarios da Comunidade de Augas "Lama de Ferrón" Bolmente (Sober), que se convoca a Asemblea Xeral o próximo 28 de xaneiro de 2024, no local social de Bolmente, ás 17:00h en primeira convocatoria e ás 17:30h en segunda, coa seguinte orde do día:

- Informe de obras do ano 2023.
- Aprobación das contas do ano 2023.
- Presupostos para o ano 2024.
- Renovación da Xunta Reitora
- Rogos e preguntas.

Bolmente, 3 de xaneiro de 2024.- José Manuel Pérez Pérez.

R. 0021